



Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

BASES REGULADORAS PARA SELECCIÓN DO ALUMNADO DO CURSO ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS”- SSCS0208 (núm. 2024/000119-1)

Visto o artigo 27 da Orde de 1 de xullo de 2024, pola que se establecen as Bases reguladoras para as accións formativas do Plan para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da cal, este Concello obtivo unha subvención para levar a cabo o Curso de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, regúlase nas presentes bases o procedemento de selección e admisión do alumnado do dito curso.

O número de alumnos a seleccionar é de 15.

1º.- Persoas destinatarias da formación e definición da persoa alumna.

As accións formativas irán dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas. A tal efecto, a consideración de persoa desempregada virá determinada pola súa inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia e a súa situación de non ocupada.

Poderán participar na referida acción formativa as persoas traballadoras ocupadas, ata un máximo do 30% do número de participantes programados, sempre e cando as prazas non se cubran con persoas traballadoras desempregadas.

Terán a condición de persoas alumnas as que cumpran os requisitos de acceso á acción formativa e sexan seleccionadas a través do procedemento realizado conforme ao establecido na orde de 1 de xullo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan para o emprego (persoas traballadoras desempregadas). Defínense as seguintes situacións para aplicar os criterios de selección do alumnado:

Código de grupo	Descrición
1	Persoas que teñan incluída esta especialidade formativa no seu itinerario persoal individualizado de emprego (IPE)
2	Persoas que soliciten a especialidade formativa en cuestión, comezando por aquelas que a soliciten no centro en que se vai impartir o curso
3	Persoas que, tendo unha especialidade formativa dun determinado nivel, queiran acceder á correspondente ao nivel inmediatamente superior da mesma familia e da mesma área.
4	Persoas que non se atopen en ningún dos supostos citados nos anteriores grupos (1, 2 ou 3)





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Os diferentes colectivos de persoas candidatas agrúpanse cos seguintes criterios:

Código de grupo	Colectivos
A	Persoas vítimas de violencia de xénero, en risco de exclusión social ou con discapacidade acreditada nun grao igual ou superior ao 33 %
B	Persoas emigrantes retornadas, persoas con autorización de residencia por arraigo para a formación ou persoas que superasen un ou varios módulos dun certificado profesional ou que obtivesen acreditacións parciais mediante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral
C	Persoas menores de 30 anos, mulleres, persoas desempregadas de longa duración, persoas con baixa cualificación ou persoas traballadoras que se atopen en situación de suspensión de contrato ou de redución de xornada como consecuencia dun expediente de regulación temporal de emprego
D	Persoas que non se atopen en ningún dos supostos citados nos outros grupos (A, B ou C)

O proceso de selección do alumnado efectuarase con base na seguinte táboa, resultado das dúas anteriores:

Prioridade	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16
Colectivo que se seleccionará	1A	1B	2A	2B	1C	2C	1D	2D	3A	3B	3C	4A	4B	4C	3D	4D

2º.- Procedemento de selección.-

O Concello da Laracha solicitará directamente á Oficina de Emprego de Carballo, impreso normalizado establecido ao efecto, unha listaxe de persoas que cumpran o disposto na orde que rexe esta convocatoria para ser beneficiarios desta formación e se adecúen ao perfil requirido en función dos requisitos de acceso ao certificado de profesionalidade atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais – SSCS0208.

A oficina de emprego mediante sondaxe entre demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego seleccionará a dous persoas por praza vacante e convocará, mediante calquera medio que acredite a súa recepción de conformidade coa Ley 39/2015, de 1 de outubro, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, ás persoas demandantes preseleccionadas para que asistan á proba de





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

selección, que realizará o Concello. Esta proba de selección deberá ser visada previamente pola oficina de emprego.

Remitada a listaxe das persoas preseleccionadas pola Oficina de Emprego ao Concello, este procederá á selección do alumnado.

As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura no Anexo I desta convocatoria, serán presentadas antes da data e hora de realización da proba.

Na data de presentación de solicitudes, os e as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os ou as aspirantes con algunha minusvalía deberán indica-lo na súa solicitude, e de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das probas, de ser necesario.

Do proceso de selección se levantará acta no modelo normalizado establecido pola Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

No caso de non acadar o número de alumnos suficientes para o curso, segundo o artigo 27.3.e. da Orde a oficina de emprego deberá intentar novos sondaxes. E se aínda nese caso non se acada o Concello poderá facer convocatoria pública ou selección directa, previa comunicación á oficina de emprego.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. O feito de figurar incluído na relación de admitidos na acta, non prexulga que se lle reconeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

3.- Presentación de documentación.-

Os aspirantes preseleccionados pola oficina de emprego deberán presentar a seguinte documentación

- A) Anexo I, solicitude.
- B) Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- C) Xustificante académico de cumprir o requisito de formación mínima para participar na acción formativa. (Competencias claves de nivel II, ESO ou equivalente).

4.- Criterios de selección.-

A proba de selección, previamente validada pola oficina de emprego de Carballo, consistirá nun cuestionario de 15 preguntas tipo test relacionadas co certificado de profesionalidade atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais- SCS0208 (cada pregunta correcta 1 punto), as incorrectas non descontarán.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Tendo en conta que dita proba será validada pola oficina de emprego, xúntase en anexo a parte para preservar o seu contido á hora de publicar as presentes bases (se fose o caso).

5.- Selección do alumnado.-

A selección do alumnado que acadou a máxima puntuación se comunicará á oficina de emprego de Carballo, coa finalidade de que o persoal técnico desa oficina poida validar a acta de selección do alumnado proposto.

Unha vez recibida a validación do alumnado pola oficina de emprego, serán citados polo Concello da Laracha para a presentación de documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso no momento da selección.

A presentación da documentación será previa ao comezo do curso, así como o rexistro no sistema de identificación seguro e unívoco baseado en código QR e/ou DNI-e para o control de presenza, de obrigado cumprimento por parte da entidade que imparte a formación, neste caso o Concello da Laracha.

Para o rexistro no control de presenza o alumnado asinará autorización para que o Concello poida xestionar a dita obriga.





Concello da Laracha
Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413
C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

Anexo I

SOLICITUDE

D./D^a. _____, con n°
DNI _____ e domicilio en _____
_____ da localidade de _____, con teléfono de contacto _____ e
correo electrónico _____

EXPOÑO:

1.- Que fun citado/a pola Oficina de Emprego de Carballo para participar na selección de 15 alumnos/as para o curso de certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais que se impartirá no Concello da Laracha.

2.- Que non padezo impedimento físico ou psicolóxico que me impida realizar dito curso.

3.- Que reúno todos os requisitos esixidos para poder realizar o curso e que son certos os datos que figuran nesta instancia, xunto a seguinte documentación:

- Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.
- Xustificante académico de cumprir o requisito de formación mínima para participar na acción formativa. (Competencias chaves de nivel II, ESO ou equivalente).

Por todo o exposto, **SOLICITO**,

ser admitido/a no proceso de selección de 15 alumnos/as para o curso de certificado de profesionalidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais do Concello da Laracha.

A Laracha, ____ de _____ de 2025

Sinatura

Nome e apelido

A Laracha, asinado dixitalmente

O Alcalde

